

UNIVERSIDADE DE VIGO

MEMORIA ANUAL

TRIBUNAL DE GARANTÍAS

XANEIRO DE 2007 – DECEMBRO DE 2007

ÍNDICE

- PRESENTACIÓN
- COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- PARTE I: ENTREVISTAS QUE DERON LUAGAR A CONSULTAS E INTERVENCÍONS
- PARTE II: EXPEDIENTES
- PARTE III: X ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES UNIVERSITARIOS
- PARTE IV: ACTUACÍONS DE OFICIO
- PARTE V: REFLEXÍONS XERAIS E RECOMENDACÍONS
- ANEXOS: NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

PRESENTACIÓN

A disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de Decembro, establece:

“Para velar por el respeto a los derechos y las libertades de los profesores, estudiantes y personal de administración y servicios, antes las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios, las Universidades establecerán en su estructura organizativa a figura del Defensor Universitario. Sus actuaciones, siempre dirigidas hacia la mejora de la calidad universitaria en todos sus ámbitos, no estarán sometidas a mandato imperativo de ninguna instancia universitaria y vendrán regidas polos principios de independencia y autonomía”.

Consonte con este precepto, preséntase esta Memoria Anual que reflicte as actuacións levadas a cabo por este Tribunal de Garantías ao longo do ano 2007, as cales se pormenorizan por medio de consultas, informes, expedientes e actuacións de oficio.

Este órgano colexiado que estivo composto por: Luís Espada Recarey (presidente), Santiago Guevara Junquera (vicepresidente), Ramón Araújo Casado (secretario) e os vogais: Rosa Graña Costas, Inmaculada Valeije Álvarez, Jaime Cabeza Pereiro, Jorge Soto Carballo, Jesús del Val García (ata o 12-09-07), agradece a estimable e desinteresada colaboración de todo o colectivo universitario cuxa contribución foi decisiva para culminar o proceso de análise dos temas obxecto de consultas ou reclamacións.

COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

A lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de decembro, na súa Disposición adicional decimocarta, establece que:

“Para velar por el respeto a los derechos y a las libertades de los profesores, estudiantes y personal de administración y servicios, ante las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios, las Universidades establecerán en su estructura organizativa la figura del Defensor Universitario. Sus actuaciones, siempre dirigidas hacia la mejora de la calidad universitaria en todos sus ámbitos, no estarán sometidas a mandato imperativo de ninguna instancia universitaria y vendrán regidas por los principios de independencia y autonomía.

Corresponderá a los Estatutos establecer el procedimiento para su elección o designación, duración de su mandato y dedicación, así como su régimen de funcionamiento”.

A lei fai igualmente referencia ao Defensor Universitario cando, referíndose aos dereitos e deberes dos estudantes (art. 46), sinala que os estudantes terán dereito *“a la garantía de sus derechos, mediante procedimientos adecuados y, en su caso, la actuación del Defensor Universitario”* (art. 46.2.h).

MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Nesta intervención preceptiva perante este claustro, que lle corresponde levar a cabo ao Tribunal de Garantías para dar a coñecer as peculiaridades e características das súas actuacións, pormenorizadas nesta memoria anual, abranguen un período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2007, que se corresponde, polo tanto, practicamente, coa totalidade do pasado ano.

As modalidades técnicas de actuación practicadas polo Tribunal de Garantías son as seguintes:

Consultas.- Trátase da actuación máis frecuente e áxil. Permite cumprir co duplo obxectivo de orientar e informar os membros da comunidade universitaria sobre as reclamacións e problemas que presentan e que estean relacionados coas actuacións dos diferentes órganos da Universidade, así como con outras actividades da vida universitaria.

Intervencións.- Corresponden ás actuacións que se fan necesarias como consecuencia da natureza do problema presentado na consulta correspondente ou polas características do mesmo, e tamén co fin de previr a radicalización dos conflitos. Realízanse mediante xestións persoais, ou por outros medios, tanto ante os responsables dos órganos universitarios que poden dar unha solución rápida a tales problemas ou que proporcionen a información necesaria, como ante as partes afectadas. Estas dilixencias, así como as consultas, permiten resolver reclamacións sen ningún tipo de actuación por escrito e non requiren burocracia, quedando, en todo caso, constancia interna das xestións realizadas, así como do resultado destas.

Reclamacións.- Naqueles casos en que se presente e se admita a trámite unha reclamación na oficina do Tribunal de Garantías, resulta obrigado realizar actuacións conforme o seu regulamento. Antes de utilizar este procedemento de queixa, o reclamante adoita facer uso dalgún dos mecanismos de reclamación de que dispón a administración universitaria e que estean descritos nos Estatutos e regulamentos da Universidade, así como na restante normativa legal vixente. Neste sentido, bastantes das reclamacións tramitadas pasaron, previamente, por actuacións de consulta (e/ou

de intervención) que, por unha ou outra razón, non permitiron alcanzar unha solución previa á reclamación despois tramitada.

Mediacións e conciliacións.- Son actuacións que se realizan a petición expresa dun membro da comunidade ou dun colectivo, así como dalgunha autoridade académica. Este procedemento de actuación como mediador é desexable que sexa asumido, cada vez máis, como fórmula para darlles solución aos problemas da vida universitaria. Trátase dunha vía de actuación en que as partes implicadas deben sentarse, de común acordo, arredor dunha mesa para solucionar as súas diferenzas coa mediación do Tribunal de Garantías.

Actuacións de oficio.- Trátase de actuacións realizadas a iniciativa do propio Tribunal de Garantías ante a manifesta existencia de actos e resolucións da Universidade que supoñan aclaracións dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. A actuación de oficio sempre implica actuacións por escrito e, nalgúns casos, a publicación de monografías e informes.

Recomendacións e suxestións.- Corresponden ás recomendacións que debe realizar o Tribunal de Garantías tras a tramitación das actuacións derivadas das reclamacións presentadas. Remítese copia tanto ao interesado como ao afectado pola reclamación e/ou á autoridade académica responsable para que, no seu caso, revise a súa actuación. En ocasións, se se ten o convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma pode provocar algunha situación inxusta ou prexudicial para a comunidade, recoméndase a modificación da mesma, utilizando as suxestións para solicitar un cambio nas actuacións xa realizadas.

Por outra parte, e tamén para un mellor seguimento das recomendacións ditadas sobre os expedientes analizados, estas agrúpanse en:

POSITIVAS: refírense ao ditame elaborado polo Tribunal, en que se conclúe coa defensa do recorrente, en canto que se violaron algúns dos dereitos académicos e se propón a rectificación das resolucións citadas.

NEGATIVAS: este baremo abrangue os expedientes que, unha vez analizados, o Tribunal de Garantías considera que non se violaron os dereitos académicos do recorrente, e, polo tanto, desestímase a queixa presentada.

INFORMATIVAS: utilízase esta denominación cando o Tribunal de Garantías vai informando sistematicamente ao recorrente de todos os pasos que debería seguir con relación ao caso presentado, así como dos informes solicitados para un mellor coñecemento dos feitos, e dos que se dea conta ao recorrente para que poida actuar en consecuencia.

CONCILIADORAS: emprégase este termo para definir aqueles expedientes que culminan cun achegamento das posturas relacionadas co motivo da queixa.

Noutra orde de cousas, e desde o punto de vista organizativo, o Tribunal reuniuse en sesións deliberantes. En todas elas se analizaron os temas e se puxeron de manifesto, en ocasións, distintas ópticas sobre a forma de resolución ou recomendación. Non obstante, en todos os casos, o texto final redactado foi consensuado, ao igual que o contido da memoria presentada.

PARTE I:

ENTREVISTAS QUE DERON LUGAR A
CONSULTAS E INTERVENCIONES

ENTREVISTAS QUE DERON LUGAR A CONSULTAS E INTERVENCIÓNS: 88

Pormenorízanse as consultas que tiveron lugar ao longo do pasado ano así como algunhas que requiriron intervencións posteriores co obxecto de dar resposta ás preguntas formuladas, todas elas en entrevistas solicitadas e que non requiriron inicio de ningún expediente.

Como poderase observar agrupáronse por temáticas, en orde ao número de consultas recorrentes sobre temas semellantes.

Queixas sobre correccións de exames e formas de subsanar a cualificación: 37.

- Infórmase sobre o Artigo 18 do Regulamento de estudantes e o trámite a empregar que o alumnado debe coñecer.

As materias non explicadas nas clases lectivas, aínda que estean no programa, poden entrar no exame: 8.

- O Departamento deberá regular este suposto e adaptar a materia do programa ao tempo lectivo. Non facelo así incumpriría a súa misión pedagóxica xa que a certificación emitida polo profesor nas actas de exame implica o coñecemento da materia global do programa. (Infórmase verbalmente aos Departamentos relacionados coas queixas do alumnado)

Tempo insuficiente para a revisión de exames: 5.

- Contéstase que os Departamentos deben fixar de forma explícita o mínimo tempo que o profesorado debe dedicar a este menester e que será en función do número de alumnos a avaliar.

Tempo na modificación das actas de cualificación: 4.

- Non existe límite temporal que imposibilite esta reclamación. Véxase o artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Tempo que deben os profesores conservar un exame unha vez corrixido: 4.

- Non existe unha norma xurídica que imponha aos profesores a custodia dos exames unha vez corrixidos. Non obstante, na Universidade de Vigo considérase o tempo de 3 cursos.

Distribución da carga docente entre profesores nos Departamentos: 4.

- A orde de elección entre o profesorado debe responder a criterios previamente establecidos, divulgados e coñecidos. Deberán ser claros e precisos (categoría académica, antigüidade no posto,...).

Validación de materias troncais: 3.

- Trátase de validacións de distintos planos de estudo que xa están aprobadas.

Clarificación sobre a posibilidade de finalizar unha titulación con dúas materias pendentes: 3.

- Infórmaselles sobre a normativa relativa á avaliación curricular ou por compensación.

Solicitud de amparo ao Tribunal de Garantías: 3.

- Refírese á custodia das avaliacións do profesorado por parte do alumnado, para entregalas cando se publiquen os datos oficiais.

Cambio de datas de exame por incidencias: 2.

- O alumnado ten o dereito a realizar un exame se, por circunstancias xustificadas non puidese examinarse na data sinalada. Farase previo acordo co profesor responsable da materia.

Acceder á avaliación do profesor que realizan os alumnos: 2.

- Comunícase que as avaliacións son públicas, pero non publicables.

Horarios de titorías: 2.

- A adopción de medidas conducentes a que o alumnado teña ademais do coñecemento dos horarios das clases lectivas antes da formalización das matrículas, tamén dispoña dos das titorías.

Obrigatoriedade da asistencia a clase do alumnado: 2.

- Infórmase sobre a normativa estatutaria da Universidade de Vigo sobre o tema.

Falta de información sobre créditos de libre elección: 1.

- Comunícase ao estudante que a normativa en vigor é accesible na páxina web da universidade.

Solicitud de xustificante de asistencia a exame con antelación por motivos laborais: 1

- Infórmase que o xustificante o emite o profesor cando o estudante realiza o exame. (Pódese informar oficialmente da data do exame).

Cambio de quenda: alumno que non pode asistir en horario de mañá: 1.

- Intervención favorable para o estudante.

Cambio de quenda: alumnos que non poden asistir á materia de libre elección porque lles coincide coas prácticas de materias troncais: 1.

- Deberá renunciar ás materias de libre elección elixidas e escoller outras.

Incomparecencia do profesor ao exame final: 1.

- Consultado co Decanato, comunícase ao alumno reclamante que houbo causa xustificada, acordándose outra data de común acordo co alumnado.

Contactar con Defensores doutras universidades: 1.

- Infórmase da forma de acceder a cada universidade.

Cualificación de exames tipo test: 1.

- Infórmase de que non existe na Universidade de Vigo unha normativa específica. A corrección dependerá da forma de avaliación que o Decanato correspondente aprobese.

Sobre a crenza de que un estudante copiou nun exame: 1.

- Debe cualificarse o exame xa que non bastan as meras sospeitas ou conxeturas, pois precísase unha proba a cargo de quen invoca o feito. (A razón

da queixa estribou en que o alumno foi cualificado cun cero. O profesor ratificou a nota).

Queixas anónimas: 1.

- Pretende o reclamante que se manteña o anonimato a pesar de tratarse dunha queixa contra una persoa concreta. Calquera actuación do Tribunal de Garantías conleva a identificación do interesado.

PARTE II:
EXPEDIENTES

1. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: validación de materia.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud do alumno na que insta á revisión do seu caso.
 2. Resolución da Comisión de Validación.
 3. -Escrito da Xefa de Administración explicando o motivo da tardanza na resolución.
 4. -Recurso de reposición contra a resolución de avaliación.
 5. -Resguardo de matrícula do curso académico 06/07.
 6. Escrito da Presidenta da Comisión de Validación en resposta a solicitude por parte do Tribunal de motivación da negación da validación.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunícalle ao interesado mediante un escrito que non se aprecia violación dos seus dereitos.
- Tempo de resolución: 6 semanas.

2. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: validación dunha materia que por erro aparecía aprobada nun extracto de expediente pero que en realidade estaba suspensa.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud da alumna.
 2. Extractos de expediente.
 3. Resolucións do Director do centro.
 4. Escritos do Director do Centro dirixidos á interesada.
 5. Escrito do Director do Departamento.
 6. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido ao Reitor.
 7. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido ao Director do centro.
 8. Escrito da recorrente queixándose do escrito que lle remitiu o Director da escola.

- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica á interesada e ao Reitor mediante escrito a súa postura de censura e repulsa pola actuación desleal da reclamante.
- Tempo de resolución: 8 semanas.

3. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: adaptación de materias.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. -Solicitud do interesado na que expón o cambio de plan e polo tanto adaptación de materias. Os créditos sobrantes quere que llos adapten por créditos optativos de orientación.
 2. -Plano de Estudos
 3. -Táboas de adaptacións
 4. -Resolución do Director do centro denegando a adaptación dos créditos sobrantes por créditos de Orientación ou Itinerario.
 5. -Escrito do Vicerreitor correspondente.
 6. -Escrito de alegacións contra a resolución denegatoria do Director da escola.
 7. -Resolución Reitoral ratificando a resolución denegatoria do Director do centro.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías remitiulle escrito ao interesado comunicándolle a súa decisión desestimatoria.
- Tempo de resolución: 5 semanas.

4. EXP.

- COLECTIVO: profesorado.
- TEMA: acoso.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito do solicitante co que aporta a denuncia de acoso.
 2. Escrito deste Tribunal dirixido á Directora do Departamento solicitando información.
 3. Escrito da Directora do Departamento.
 4. Informe da Asesoría Xurídica.

- RECOMENDACIÓN INFORMATIVA: o Tribunal de Garantías, á vista de toda a documentación analizada, solicita ao Reitor que abra un informe reservado.
- Tempo de resolución: 21 semanas.

5. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: exclusión das axudas do intercambio programa ISEP.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Instancia na que consta a súa queixa por exclusión das axudas do intercambio do “programa ISEP”.
 2. Contrato de estudos na súa estancia en USA durante curso 2005/06
 3. R.R. autorizando a matrícula fóra de prazo do recorrente.
 4. Xustificante da matrícula.
 5. Instancia de 22-12-06 coa que achega o xustificante á ORI.
 6. R.R. de 13-11-2006 pola que se publica a convocatoria de Bolsas Complementarias da Xunta de Galicia para mobilidade de estudantes en programas de intercambio da Universidade de Vigo con países extracomunitarios.
 7. R.R. de 15-11-06 pola que se modifica a R.R. de 13-11-06.
 8. R.R. de 12-12-06 pola que se publican as listaxes provisionais de estudantes seleccionados.
 9. R.R. de 11-01-07 pola que se publica a listaxe definitiva de estudantes seleccionados.
 10. Escrito do Tribunal de Garantías solicitando información ao Vicerreitor competente.
 11. Escrito do Vicerreitorado comunicando que o expediente do interesado foi remitido á Asesoría Xurídica, e que a mesma aínda non contestou..
 12. Escrito deste Tribunal dirixido á Asesoría Xurídica solicitando información sobre o estado deste expediente.
 13. Escrito da Asesoría Xurídica comunicando que a información solicitada xa está en poder do Vicerreitor.
 14. Reclamado telefonicamente o informe á Vicerreitoría correspondente onde din que tiveron que solicitar un novo informe á Asesoría Xurídica.

15. Escrito da Vicerreitoría achegando a resolución que se lle manda ao interesado desestimando o seu recurso de alzada.
 16. Mensaxe de correo electrónico do interesado solicitando información sobre o seu expediente.
 17. Correo electrónico deste Tribunal ao recorrente contestándolle á súa pregunta.
- RECOMENDACIÓN INFORMATIVA: dásele conta ao interesado da resolución emitida pola Vicerreitoría correspondente desestimando o seu recurso.
 - Tempo de tramitación: 9 semanas

6. EXP.

- COLECTIVO: profesorado.
- TEMA: enquisas de avaliación docente.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud da interesada de anulación das enquisas de avaliación docente correspondentes aos cursos 2004-05, 2005-06 e 2006-07, por considerar que sofre un agravio comparativo con respecto a outros docente, e petición de que no próximo curso 2007-08 se fagan as correspondentes enquisas nas condicións que especifica no punto 1 do seu escrito.
 2. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido á interesada e ao Vicerreitor competente.
 3. Entrevista do Presidente do Tribunal coa interesada.
- RECOMENDACIÓN POSITIVA: o Tribunal de Garantías mediante escrito dirixido ao Vicerreitor, recomenda realizar as avaliacións de clases prácticas nos lugares onde estas son impartidas para evitar conflitos.
- Tempo de resolución: 6 semanas

7. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión de exame xunto con expediente da interesada.
 2. Escrito enviado á interesada para que decida se quere avaliación curricular ou revisión do exame por un tribunal externo.

3. Instancia da interesada solicitando avaliación por un tribunal externo.
 4. Instancia da recorrente achegando expediente coa nota numérica.
 5. Escrito ao Director do Departamento correspondente solicitando as copias seladas do exame da interesada e criterios de avaliación.
 6. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 7. Remisión do exame a un tribunal externo.
 8. Remisión do exame corrixido por parte do tribunal externo.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica á interesada e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
 - Tempo de resolución: 21 semanas.

8. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito do Decano do centro remitindo a documentación sobre os feitos.
 2. Sinopse cronolóxica dos feitos:
 - a. O interesado solicita en xullo de 2004 a revisión do seu exame ao profesor correspondente quen comproba que só ten unha parte do exame corrixida por el, e que falta a outra parte que ten que estar en poder doutro profesor. A primeira parte do exame está cualificada cun 4,5 e o profesor concédelle un 5.
 - b. Intenta contactar co segundo profesor, no seu despacho do centro sen éxito.
 - c. Remite unha instancia ao Decano para que lle permita ver o seu exame dado que non están sumadas as notas das dúas partes do mesmo (19-07-04).
 - d. O Decanato traslada a solicitude ao Departamento correspondente, cuxa directora contesta ao interesado dicindo que o profesor non ten inconveniente en mostrarlle o exame no mes de setembro, deixando constancia de que o prazo para a revisión xa finalizou. (23-07-04)

- e. Unha vez revisada a segunda parte do exame que ten a cualificación de 1,5, solicita ao profesor que modifique a nota da acta, dado que se comproba que non está sumada esta última cualificación, o que daría unha nota total de 6 e non de 5 como consta na acta.
- f. Despois dunha negativa inicial de corrixir o erro alegando que as cualificacións son cualitativas e que lle sigue correspondendo un APROBADO, insiste na modificación meses máis tarde, ao que o profesor volve a negarse vía correo electrónico. (26-09-05)
- g. Un ano máis tarde sigue insistindo co profesor quen lle di que unha vez revisado o exame considera que o que lle corresponde é un 5 que é o que consta na acta.
- h. Envía unha solicitude á Secretaría Xeral (sen data) para que se dean as ordes oportunas para o cambio na acta do 5.00 por un 6.00, e para que se convoque unha Xunta de Facultade para resolver este tema.
- i. A resposta da Secretaría Xeral é do 17 de novembro de 2007 nos termos seguintes:
 - o Transcorridos 3 meses dende o remate do prazo para a entrega das actas, a modificación deberá axustarse ao procedemento que estableza a Secretaría Xeral. (artigo 13.3 da Normativa de xestión académica)
 - o Con data 26 de maio de 2004 a Secretaría Xeral remitiu instrucións a todos os centros e departamentos para que deran cumprimento ao R.D. 1125/2003 de 5 de setembro, polo que as actas universitarias pasan a ser numéricas, o que se debe aplicar dende a convocatoria de xuño do curso 2003/04.
 - o Dado que xa finalizou o prazo para reclamar, comunícalle que no artigo 15 do Regulamento de constitución de Departamentos inclúese dentro das competencias do Consello de Departamento “Revisa-la avaliación dos estudantes cando corresponda”.
 - o A convocatoria da Xunta de Facultade correspóndelle ao Centro, polo que deberá dirixirse ao Decano.
- j. En novembro de 2006 entra no Departamento a instancia do interesado na que solicita a revisión do exame.

- k. A resposta do Director do Departamento é de data 1 de decembro dicindo que segundo o artigo 18 do Regulamento de estudantes, non procede a reclamación por fóra de prazo, dado que se trata da convocatoria de xuño de 2004.
 - l. Por último, o Decano remite o expediente do alumno a este Tribunal de Garantías para que se tomen as medidas oportunas.
3. Escrito deste Tribunal dirixido ao Departamento correspondente, solicitando a pronta resolución da situación.
 4. Entrevista do Presidente deste Tribunal co interesado o e co profesor por separado.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías comunícalle mediante escrito ao interesado a desestimación da reclamación presentada, xa que a documentación achegada polo profesorado da materia obxecto da revisión (convocatoria de Xuño de 2004) de forma explícita indica que a cualificación do exercicio é de 5 puntos (como notas sumatorias de 4,5 máis 0,5, este último dígito corresponde ás prácticas). Por outra parte, sinálase que as notas de prácticas para todo o alumnado desa materia varían entre 0 e 0,5 puntos, non existindo por tanto cualificacións numéricas de 1,5 puntos
 - Tempo de resolución: 5 semanas.

9. EXP.

- **COLECTIVO:** persoal de administración e servizos.
- **TEMA:** insultos a través da conta de correo electrónico “comunidade”.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Escrito do interesado expoñendo que dous profesores desta universidade, se dedican a enviar mensaxes insultantes á conta de correo electrónico “comunidade”. tanto a el como a outros usuarios, e solicitando que a universidade interveña.
 2. Escrito do interesado dirixido ao presidente deste tribunal e ao Reitor relatando de novo os insultos dos profesores citados e solicitando a intervención da Universidade de Vigo e a axuda do Tribunal de Garantías dado que foi demandado xudicialmente polos profesores.

3. Escrito dirixido ao interesado comunicándolle que este tribunal é o derradeiro estadio de calquera etapa relacionada cunha queixa ou reclamación.
 4. Escrito do interesado dirixido a este Tribunal relatando os feitos e solicitando axuda ao Tribunal de Garantías tanto dentro como fóra da Universidade de Vigo.
 5. Correo electrónico dirixido á conta de correo “comunidade” e a este Tribunal, actualizando a lista de insultos dos profesores.
 6. Solicitud, vía correo electrónico, por parte deste Tribunal de Garantías de información sobre o tema a outros defensores universitarios.
 7. Recepción de diversos informes.
 8. Escrito dirixido ao interesado comunicándolle a imposibilidade de actuación deste Tribunal dado que o asunto está en mans da xustiza e informándolle da remisión ao Reitor da información recibida doutras universidades.
- RECOMENDACIÓN INFORMATIVA: o Tribunal de Garantías remítelle ao Reitor escrito achegando algunhas das actuacións que se levan a cabo nas universidades consultadas, para a súa información e toma de decisións.
 - Tempo de resolución: 15 semanas.

10. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito da interesada solicitando a valoración por parte dun tribunal externo do exame dunha materia así como análise dos criterios de avaliación da citada materia.
 2. Solicitud de revisión enviada ao departamento polo Director da escola;
 3. Informe da Asesoría Xurídica;
 4. Resolución do Director do centro.
 5. Escrito do Director do Departamento correspondente achegando a acta que recolle a Resolución do tribunal;
 6. Programa docente da materia no curso 2005/06;
 7. Primeira contestación do departamento;
 8. Programa docente da materia no curso 2006/07.

9. Solicitud por parte do Tribunal de Garantía das copias do exame e criterios de avaliación ao Departamento.
 10. Remisión por parte do departamento das copias do exame e criterios de valoración.
 11. Remisión do exame a un tribunal externo.
 12. Correo electrónico da universidade á que se enviaron os exames solicitando aclaración sobre a puntuación máxima de cada pregunta.
 13. Resposta vía correo electrónico indicando que non existe ningunha matización sobre a forma de corrección.
 14. Remisión por parte do tribunal externo da corrección do exame.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica á interesada e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
 - Tempo de resolución: 8 semanas

11. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito do Decano do centro achegando solicitud de revisión de exame do interesado xunto coa resolución de confirmación de nota por parte do Departamento correspondente.
 2. Escrito dirixido ao Director do departamento solicitando copia do exame e criterios de valoración da materia.
 3. Recepción das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión a un tribunal externo dos exames e os criterios de avaliación.
 5. Recepción da corrección do exame polo tribunal externo.
 6. Remisión ao interesado e ao Director do Departamento da conclusión do tribunal externo.
 7. RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
- Tempo de resolución: 10 semanas.

12. EXP.

- **COLECTIVO:** alumnado.
- **TEMA:** revisión de exame
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Escrito do Decano do centro achegando solicitude de revisión de exame do interesado xunto coa resolución de confirmación de nota por parte do Departamento correspondente.
 2. Escrito dirixido ao Director do departamento solicitando copia do exame e criterios de valoración da materia.
 3. Recepción das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión a un tribunal externo dos exames e os criterios de avaliación.
 5. Recepción da corrección do exame polo tribunal externo.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
- **Tempo de resolución:** 10 semanas

13. EXP.

- **COLECTIVO:** alumnado.
- **TEMA:** revisión de exame.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Solicitude da interesada de reclamación dunha nota.
 2. Resumo cronolóxico dos feitos:
 - A alumna consulta a nota final dunha materia.
 - Fala co profesor responsable da materia para mostrarlle a súa total desconformidade coa cualificación final.
 - Solicita na secretaría do centro o programa selado da materia (2 follas).
 - Solicita ao Director do Centro a revisión da súa nota final.
 - Recibe a resolución na que o tribunal designado polo departamento ratifica, por unanimidade, a nota obtida.

- A interesada alega o incumprimento dos artigos 9 e 12 do Regulamento de estudantes no que se refire ao programa docente da materia facilitado pola secretaría do centro, nos seguintes puntos:
 - i. Non se fai referencia á bibliografía.
 - ii. Non se fai referencia á forma de desenvolver a docencia.
 - iii. Non se fai referencia á metodoloxía e ós procedementos de avaliación do alumnado.
 - iv. Non se indican as normas para a realización do exame.
 - v. Hai contradicións no número de horas teóricas e prácticas e no profesorado que vai impartir a docencia.
 - vi. En ningunha parte do programa docente se indica a obrigatoriedade dun traballo nin o peso sobre a nota final da materia.
- Na acta asinada polo tribunal nomeado polo Departamento faise constar que o programa presentado pola interesada e o programa que obra na secretaría do departamento non coinciden, e que o segundo (4 follas) detalla que as prácticas da materia cualificaranse avaliando os traballos realizados así como que, a cualificación total da materia será dun 50% correspondente á teoría e un 50% correspondente á práctica.
- A interesada considera que non é responsable de que os programas da secretaría do centro e da secretaría do departamento non coincidan. Que ela se baseou no programa que lle deron na secretaría do centro, pero que no programa aprobado polo departamento, no apartado “Tipo de avaliacións”, di: “Avaliación da docencia de Laboratorios: avaliaranse os traballos realizados nas clases de carácter práctico”, polo que non pode incluírse na avaliación da nota final un traballo realizado pola alumna na casa e que, segundo ela manifesta, é un traballo voluntario, dado que en ningún momento se fala no programa de traballos obrigatorios.
- Solicita que se lle teña en conta a nota acadada no exame teórico (5,9), e non a nota final calculada facendo a media da devandita nota coa do traballo (2), polo que queda unha nota final de 4.

3. Solicítase por teléfono á secretaría do centro a remisión do programa docente da materia, que coincide co que obra no departamento.
 4. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido á interesada comunicándolle que non procede a reclamación.
 5. Escrito da interesada solicitando a anulación da Resolución do Director da escola.
 6. Remisión por parte da Asesoría Xurídica do escrito da interesada dirixido ao Reitor e solicitude de información.
 7. Remisión por parte da Asesoría Xurídica da copia do escrito dirixido á recorrente denegándolle a certificación de acto presunto en relación co seu recurso de alzada.
 8. Escrito do Tribunal dirixido á interesada ratificándose na súa decisión.
 9. A interesada entrevístase co Presidente do Tribunal de Garantías.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías comunícalle á recorrente mediante escrito que os textos sobre a forma de avaliación e temario da materia existentes na secretaría do centro e no departamento son idénticos, e que polo tanto non ha lugar á súa reclamación.
 - Tempo de resolución: 19 semanas.

14. EXP.

- **COLECTIVO:** alumnado.
- **TEMA:** perda de convocatoria.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Escrito de queixa do interesado por ter perdido a primeira convocatoria de exame no curso 2006/07 (febreiro), debido á tardanza na validación dunha materia.
 2. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido ao interesado solicitando documentación.
 3. Remisión por parte do interesado da documentación solicitada.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías remite escrito á Secretaría Xeral recomendando que non se admita formalizar calquera matrícula despois de que se tiveran realizado os exames ordinarios, así como que actúe con dilixencia para que non se dea ningún caso máis de demora nos procesos

conducentes ás validacións. E ao interesado comunicándolle que non é posible acceder á súa petición de realizar un exame de materias de primeiro cuatrimestre despois das datas aprobada polo consello de Goberno a tal efecto e informándolle do escrito remitido á Secretaría Xeral.

- Tempo de resolución: 8 semanas

15. EXP.

- COLECTIVO: profesorado.
- TEMA: toma de posesión.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito da interesada no que se queixa de que tras conseguir por concurso unha praza de Profesor Contratado Doutor, non tomou posesión inmediatamente senón que se lle indica que tomará posesión no próximo curso 2007/08.
 2. Convocatoria do concurso.
 3. Resolución do concurso.
 4. Escrito da interesada remitido ao Vicerreitor competente solicitando tomar posesión da praza de forma inmediata.
 5. Escrito do Vicerreitor comunicándolle que tomará posesión no curso 2007-08.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunícalle á interesada mediante escrito que, o feito de que a Vicerreitoría programe levar a cabo a actuación que conleve a sinatura de todo este tipo de contratos para o inicio do curso académico 2007/08 non viola os dereitos da recorrente ao non estar explicitada esta actuación nas bases da convocatoria. Por outra banda este Tribunal recomenda á Vicerreitoría que en futuras convocatorias faga constar de forma clara que os candidatos propostos deberán poder asinar os contratos unha vez concluídos os concursos, sen necesidade de ter que esperar ao inicio do curso académico, por considerar que esta sería a forma máis acorde cos dereitos dos candidatos.
- Tempo de resolución: 5 semanas

16. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.

- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito do interesado solicitando a revisión por parte dun tribunal externo dunha materia.
 2. Escrito dirixido ao profesor solicitando información.
 3. Escrito do profesor en resposta á solicitude de información.
 4. O profesor comunica verbalmente que o recorrente aprobou no exame de setembro.
- RECOMENDACIÓN INFORMATIVA.

17. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión de exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Escrito do Reitor remitindo a solicitude do interesado contra o acordo do Departamento correspondente polo que se desestima a súa reclamación de revisión da cualificación dunha materia, invocando os artigos 102 dos Estatutos e 18 do Regulamento de estudantes.
 2. Escrito do Presidente do Tribunal de Garantías dirixido ao Reitor comunicando a imposibilidade da revisión por parte dun tribunal externo dunha materia eminentemente práctica.
 3. Resolución reitoral pola que se devolve o expediente ao Tribunal para que realice as actuacións oportunas para resolver o recurso do interesado.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías remite un escrito ao interesado comunicándolle que acordou desestimar a súa reclamación por non observar violación algunha nos dereitos que lle asisten, en función dos seguintes considerandos:

O recorrente coñecía as bases que regulan a avaliación sobre a materia que, se ben non figuran por escrito na guía docente da materia, o alumnado está informado pola publicación no taboleiro oficial da escola da normativa que rexe as materias obxecto da reclamación.

O recorrente coñecía que se outorgaría a cualificación de suspenso a aqueles alumnos que tivesen dous rotatorios ou máis suspensos.

O feito de que, por diversas circunstancias, os profesores responsables non puidesen estar presentes no día da revisión, non lle impediú que puidera optar por outras datas, proceso que levaron a cabo compañeiros do recorrente, sen ningún tipo de problema.

Que as normas de avaliación se aplican desde o curso 2000/01, aprobadas polo profesorado das materias correspondentes.

- Tempo de resolución: 4 semanas.

18. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión dunha materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.
 2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
 5. Recepción dos exames corrixidos.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
- Tempo de resolución: 5 semanas.

19. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión duna materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.

2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
 5. Recepción dos exames corrixidos.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
 - Tempo de resolución: 5 semanas.

20. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión dunha materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.
 2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
 5. Recepción dos exames corrixidos.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
- Tempo de resolución: 5 semanas.

21. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.

- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión dunha materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.
 2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
- EXPEDIENTE EN TRAMITACIÓN

22. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:
 1. Solicitud de revisión dunha materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.
 2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
 5. Recepción dos exames corrixidos.
- RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
- Tempo de resolución: 5 semanas.

23. EXP.

- COLECTIVO: alumnado.
- TEMA: revisión exame.
- DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Solicitude de revisión dunha materia así como da modificación da súa matrícula mentres non se dea unha solución.
 2. Escrito ao Departamento correspondente solicitando copias do exame e dos criterios de cualificación.
 3. Remisión por parte do Departamento das copias do exame e dos criterios de avaliación.
 4. Remisión das copias dos exames e dos criterios de avaliación a un tribunal externo.
 6. Recepción dos exames corrixidos.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías comunica ao interesado e á Dirección do Departamento mediante escritos, que o resultado da revisión é suspenso.
 - Tempo de resolución: 5 semanas.

24. EXP.

- **COLECTIVO:** alumnado.
- **TEMA:** cambios de horarios e de ubicación dos alumnos dunha materia dunha titulación propia.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Escrito do interesado solicitando que se busque unha solución e unha compensación polos graves prexuízos provocados pola situación.
 2. Análise cronolóxico dos feitos:
 - a. Matricúlase no curso 2006/07 dunha materia nunha titulación propia desta universidade.
 - b. Antes do prazo de matrícula a devandita materia tiña un horario de dous días á semana, mércores e xoves.
 - c. Unha vez empezado o curso cámbiase o horario e os alumnos desta materia pasan á clase onde se imparte unha materia específica doutra especialidade da mesma titulación na que non están matriculados.
 - d. En febreiro teñen que examinarse das dúas materias en dous días distintos.
 - e. O interesado suspende.
 - f. En xuño volta a presentarse ás dúas materias e volve a suspender.

- g. Matricúlase na mesma materia para o presente curso 2007/08.
 - h. Alega que a devandita materia, neste curso pasa a formar parte doutra que xa ten aprobada
 - i. Volve a compartir clase cos alumnos da outra especialidade nunha materia que ten só 8 créditos, cando a matriculada por el ten 9.
3. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido á Dirección da titulación, requirindo que dean contestación aos escritos do interesado.
 4. Escrito dirixido ao interesado comunicándolle que se requiriu á Dirección da titulación para que lle contestase.
 5. Escrito do interesado insistindo nas súas reclamacións.
 6. Escrito da Directora da titulación comunicando que contestou ao interesado e achegando copias dos escritos.
 7. Escrito do interesado queixándose da actuación do Tribunal de Garantías
 8. Escrito do Tribunal ao recorrente rexeitando as súas manifestacións.
- **EXPEDIENTE EN TRAMITACIÓN.**

25. EXP.

- **COLECTIVO:** persoal de administración e servizos.
- **TEMA:** orde de prelación na toma de posesión unha praza de técnico.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 9. Reclamación por non ter respectado a orde de prelación á hora de escoller praza como técnico.
 10. Escrito á recorrente comunicándolle que, dado que as actuacións do Tribunal de Garantías relaciónanse co último estadio de calquera proceso sobre queixas e reclamacións suscitadas por membros da comunidade universitaria, e xa que a interesada ten presentado un recurso de alzada diante do Reitor, se lle pide que cando reciba contestación ao mesmo o comunique a este Tribunal para poder empezar as actuacións a que houbese lugar
 11. Escrito deste Tribunal ao Reitor solicitando a urxente resolución do Recurso de Alzada presentado pola interesada.
- **EXPEDIENTE EN TRAMITACIÓN.**

26. EXP

- **COLECTIVO:** alumnado.
- **TEMA:** validación do traballo realizado como bolseiro como créditos de libre elección.
- **DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:**
 1. Escrito do interesado reclamando que non se lle validou o seu traballo como bolseiro nunha empresa como créditos de libre elección.
 2. Solicítase por parte do Tribunal de Garantías informe á Asesoría Xurídica.
 3. Informe da Asesoría Xurídica.
 4. Escrito dirixido ao interesado comunicándolle a apertura do expediente e achegando o informe da Asesoría Xurídica.
- **RECOMENDACIÓN NEGATIVA:** o Tribunal de Garantías remite un escrito ao interesado achegando o informe negativo emitido pola Asesoría Xurídica.
- **Tempo de tramitación:** 3 semanas.

RESUMO DE EXPEDIENTES:

Número total: 26	%
Sector estudiantes: 21	80,8
Sector PDI: 3	11,5
Sector PAS: 2	7,7

RECOMENDACIONES:

RECOMENDACIÓN	SECTOR ESTUDANTES	SECTOR PDI	SECTOR PAS
POSITIVA		33,3	
NEGATIVA	85,7	33,3	
INFORMATIVA	9,5	33,3	50,0

EN TRÁMITE

	%
SECTOR ESTUDANTES	4,8
SECTOR PDI	
SECTOR PAS	50,0

POR TEMÁTICAS:

- Revisión de exame (14)
- Validación materias (3)
- Acoso psicosocial (2)
- Bolsa ISEP
- Adaptación de materias
- Enquisas avaliación docente
- Perda de convocatoria
- Toma de posesión
- Horario materias
- Orde de prelación

PARTE III:

X ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES

UNIVERSITARIOS

X ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES UNIVERSITARIOS (24-26 de outubro de 2007 en Madrid)

1.- Acta fundacional da Asociación.

A Comisión Permanente de Defensores Universitarios, nas súas reunións de xaneiro e xuño de 2007 creu conveniente analizar a forma xurídica adoptada polos Reitores no que hoxe coñecemos como CRUE para inspirar unha futura forma xurídica dos Defensores Universitarios que permita establecer un canle entre estes e a Administración así como dotar aos Defensores Universitarios dun novo grao de liberdade na súa interacción coa sociedade.

Precisamente o aumento de nomeamentos de Defensores noutras universidades que ata agora carecías da figura introducida pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e a experiencia acumulada tras dez anos de Encontros Estatais de Defensores Universitarios deixan o camiño expedito para adoptar unha forma xurídica que asegure a acreditación dos Defensores Universitarios nos distintos ámbitos académico-administrativos estatais e europeos.

Neste senso, perfiláronse uns Estatutos que se trouxeron a consideración no X Encontro Estatal co obxecto de facilitar que un maior número de Defensores se una ao Acto Fundacional en calidade de socios Fundadores, sen menoscabo de futuras incorporacións das Universidades nas que aínda está vacante a figura.

2.- Mesas de Trabajo.

SEGURO ESCOLAR: DESCRICIÓN, FUNCIONAMENTO E PROBLEMAS.

O seguro escolar é un seguro obrigatorio (ata os 28 anos) cuxo importe é moi baixo (1,12 €ao ano). O estudante págao conxuntamente coa matrícula, aínda que nun concepto separado. Posteriormente, a universidade (nun acto anual único) transfire a cantidade global ingresada por este concepto á Seguridade Social (Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais) conxuntamente coa lista nominal dos alumnos que satisfixeron o importe do seguro.

Non parece que se reciba información sobre a xestión destes fondos. A universidade descoñece como reverteron, en xeral e nos seus propios alumnos, os fondos do seguro. Non é difícil supoñer que o Seguro Escolar é deficitario, tomando todo o conxunto de cotizacións e prestacións dos beneficiarios, que por selo pertencen tamén á Seguridade Social e contan como cotizantes na mesma, dentro deste “réxime especial”.

Sen embargo, ás veces se tramitan matrículas fóra de prazo. Se as universidades transferiron xa os fondos recadados e a lista correspondente, a axencia non admite transferencias nin comunicados adicionais. Estes alumnos, que pagaron o seguro, non constarán nos ficheiros centrais da axencia, o que pode supoñer demoras nas comprobacións se teñen que reclamar prestacións.

As páxina web das universidade proporcionan a información básica sobre o seguro escolar e remiten para máis información ás páxinas correspondentes ao INSS.

A Constitución española estableceu que a atención sanitaria é un dereito universal dos españois e non un dereito contributivo (artigo 41). Polo tanto, todos os españois teñen dereito a ser atendidos pola Seguridade Social (atención médica e medicamentos). En xeral, pois, todos os estudantes de nacionalidade española xa teñen cuberta a atención sanitaria e a farmacéutica básica, de forma que o Seguro Escolar queda para a cobertura de prestacións adicionais (maternidade, infortunio familiar, accidentes, enfermidades especiais dos estudantes, etc.).

¿Quen quedará a cargo unicamente do seguro escolar?

Os estranxeiros con nacionalidade de países da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo están incluídos e nalgúns casos é posible que nos seus países de orixe a atención sanitaria non sexa universal. En todo caso, se por algunha razón son beneficiarios da seguridade social do seu país, o máis probable é que veñan a España acolléndose a algún dos acordos existentes en termos parecidos ao que coñecemos como tarxeta sanitaria.

Agora ben, se un dos propósitos políticos do Espazo Europeo de Educación Superior é o de atraer a estudantes de máis alá da Unión Europea –en España xa existe una tradición de estudantes hispanoamericanos e xa empezan a ter unha presenza notable os estudantes procedentes do este de Europa- estes quedarán fóra da protección a menos que teñan a consideración de residentes. Dado que en moitos casos a estancia non superará un semestre, quizais non se molesten en adquirir a residencia. Por outra parte, estes alumnos (que non se matricularon en realidade no centro español) quedarán excluídos dado que tampouco cumprirán coa condición de superar un ano dende a primeira matriculación para beneficiarse de certas prestacións.

As prestacións do seguro escolar son incompatibles con outras de contido idéntico e derivadas dun risco análogo das que o estudante poida ser beneficiario en condición de afiliado a un dos réximes da Seguridade Social. Especificamente quedan excluídos os estudantes que compaxinan estudo e traballo, aínda que sexa a tempo parcial. Neste caso, as prestacións se reciben pola Seguridade Social e o Seguro Escolar aboa as diferenzas segundo unhas tarifas que son difíciles de encontrar.

Quedan tamén excluídos do ámbito de aplicación as viaxes realizadas ao estranxeiro. Os españois que se trasladen a universidades doutros países (incluso os da Unión Europea) deben obter a tarxeta sanitaria a través do INSS.

Outras cuestións que se suscitan son, por un lado, a transferencia do seguro a certas comunidades autónomas a partir do ano 2006 e, por outro, o tratamento das saídas dos estudantes fóra dos centros para realizar prácticas, tanto dentro da programación de determinadas materias, como en prácticas en empresas españolas ou noutros países (por exemplo, prácticas dos estudantes de maxisterio en centros americanos).

As indemnizacións non están actualizadas.

Por último, parece polo menos anticuado que a tocoloxía teña o mesmo trato que os accidentes e os infortunios familiares.

Algúns problemas sobre os que reflexionar:

A universidade española encamiñase cara ao Espazo Europeo de Educación Superior. Coa aplicación do acordo de Bolonia no horizonte de 2010, esperamos que no futuro, unha maior mobilidade dos estudantes sexa o máis habitual. Tamén esperamos atraer estudantes doutras partes do mundo. Os noso estudantes irán a universidades da Unión Europea para seguir cursos de duracións diversas. Nestas condicións, os servizos prestados polo seguro escolar, creado pola Lei do 17 de xullo de 1953, poden quedar desfasados e non axustarse á realidade social.

O seguro escolar xurdiu nun momento (1953) no que cumpría unha misión importante, dado que os estudantes non tiñan outro tipo de cobertura e a Seguridade Social universal non era un dereito en España. Despois quedouse como o reduto dun réxime antigo, e a súa principal utilidade é que cubre determinadas continxencias que non cubre a Seguridade Social e outras que cubre con mellores prestacións que a mesma.

Entre as continxencias que non cubre a Seguridade Social atópanse os problemas neuropsiquiátricos dos estudantes (ansiedade, depresións,...) e o infortunio familiar. Os trastornos derivados da alimentación (anorexia, bulimia) poderían caber tamén dentro dos tratamentos psiquiátricos.

Entre as prestacións que cubre con mellor calidade estarían as correspondentes á atención no embarazo e parto, certas prestacións cirúrxicas ou ben as prestacións farmacéuticas (que son gratuítas) derivadas de tratamentos longos ou crónicos.

Os inconvenientes do sistema do seguro escolar son moitos, entre os que podería destacarse que:

- As indemnizacións, como xa se dixo, están totalmente desfasadas, o cal pode ser a causa de que moitos afectados non as soliciten e, por iso, carecen de efectividade.
- Non hai demasiada información sobre centros concertados, o que fai que moitos casos se resolvan recorrendo ao sistema sanitario público, sen declarar que se trata de riscos cubertos polo seguro escolar.

- Certas prestacións son graciabes, e os estudantes non saben que poden solicitalas, polo que non as solicitan de feito (fisioterapia, quimioterapia, radioterapia, cobaltoterapia, radiumterapia e cirurxía máxilo-facial).

A confusión entre prestacións da sanidade universal e as do seguro escolar, que probablemente explique unha parte do desfase aludido, é tamén a causa de que poida afirmarse que se trata dunha prestación pública mal resolta nestes momentos.

Se non se modifica a lexislación, unha posibilidade é que, coa transferencia do seguro escolar ás Comunidades Autónomas que o requiran, acabe deglutido pola sanidade pública e resolto a favor da mesma, despoxándoo das características da elección de centros médicos e do tratamento especializado de enfermidades propias dos estudantes. En todo caso, conservaríanse as prestacións económicas, que como se dixo son simbólicas.

Probablemente fora interesante realizar unha proposta básica para intentar cubrir continxencias sanitarias e económicas propias da vida estudantil, e reconverter o seguro nun servizo moderno para resolver problemas que non teñen cabida nos sistemas sanitarios ou de prestacións públicas (neuropsiquiatría, enfermidades da alimentación, infortunio familiar, problemas derivados da maternidade estudantil...).

Breve comentario lexislativo.

- Están protexidos polo denominado Seguro Escolar todos os estudantes españois, menores de 28 anos, matriculados de maneira oficial ou libre que cursen (entre outros) estudos universitarios, tanto de grao medio como superior e doutoramento.
- O Seguro Escolar esténdese tamén aos estudantes antes citados que, sendo menores de 28 anos, sexan de procedencia hispanoamericana, portuguesa, andorrana, filipina, brasileira, siria, xordana, guineana, iraquí, marroquí, grega, irlandesa, francesa, británica, escocesa, alemá, holandesa, sueca, finlandesa e, en xeral, nacionais de países cos que exista convenio en materia de protección de estudantes ou reciprocidade de trato.

- Os estudantes incluídos no campo de aplicación do Seguro Escolar, ao aboar a taxa de matrícula, pagan a cota correspondente e que despois, cada Centro liquida á Tesourería Xeral da Seguridade Social conforme ao procedemento ordinario.
- A protección do Seguro Escolar esténdese ás seguintes continxencias e coas prestacións que a continuación se detallan:

- Accidente escolar: considérase como tal toda lesión que sufra o asegurado con ocasión de actividades directa ou indirectamente relacionadas coa súa dedicación de estudante, sempre que teñan sido organizadas ou autorizadas polo centro de ensino.

Nestes casos, existe prestación de asistencia médica e farmacéutica ata que o estudante poida reincorporarse aos estudos, todo iso cun máximo de 1 ano. Nesto inclúese o internamento –se é preciso- sanatorial e a intervención cirúrxica. En calquera caso, o estudante pode elixir médico e centro se ben en caso de que non sexan concertados, o seguro aboará as facturas de acordo cunhas tarifas, correndo a cargo do estudante a posible diferenza en máis.

Importante mención debe facerse da prestación económica que depende das consecuencias do accidente para o estudante asegurado. Basicamente resúmese como sigue:

- Aboamento dunha indemnización única de entre 25.000 e 1000.000 pesetas se se produce unha incapacidade permanente e absoluta para os estudos.
- Aboamento dunha pensión vitalicia de 24.000 pesetas anuais se se produce unha Gran Invalidez para os estudos.
- En caso de falecemento, existe aboamento dunha indemnización de 5.000 pesetas en concepto de gastos de sepelio (que pode ascender ata as 20.000 se o óbito se produce fóra do lugar da residencia familiar) e o aboamento, tamén, de 50.000 pesetas en concepto de capital a determinados familiares superviventes que estiveran ao seu cargo.

- Enfermidade: cubre enfermidades contraídas ou sufridas polo estudantes durante o período da súa vida que protexe o seguro.

Nestes casos existe prestación de asistencia sanitaria pero condicionada sempre a ter acreditado un ano previo de seguro. A asistencia é completa e inclúe hospitalización nas especialidades de cirurxía xeral, ósea, neuropsiquiatría, tocoloxía e tuberculose pulmonar. Tamén, en determinados casos, poden outorgarse prestacións de cobaltoterapia, ril artificial (diálise, fisioterapia...).

O estudante pode elixir médico e centro se ben en caso de que non sexan concertados, o seguro aboará as facturas de acordo cunhas tarifas, correndo a cargo do estudante a posible diferenza en máis.

Tamén existe prestación de asistencia farmacéutica en casos de internamento e en tratamento de neuropsiquiatría.

Se a enfermidade orixina o falecemento do asegurado, os seus familiares percibirán as mesmas contías sinaladas para a indemnización por falecemento en caso de accidente pero só se:

- O falecemento prodúcese nos 2 anos seguintes ao inicio da enfermidade.
- A imposibilidade de continuar estudos durou ata a morte do asegurado.

- Infortunio familiar: cubre a situación sobrevida no fogar do estudante, que lle impide continuar os estudos xa iniciados, e pode estar ocasionada polo falecemento do cabeza de familia ou por ruína ou quebra familiar. A prestación é algo superior ás 14.000 pesetas por ano.

OS ESTUDANTES E O DEFENSOR.

Os temas de estudo desta mesa son os seguintes:

1. Relacións entre as oficinas do Defensor Universitario e os representantes dos alumnos en diversos niveis. Delegados de curso, Delegado de centro e Delegados da Universidade ou Consello de Estudantes. Para iso analizaranse os datos obtidos nunha enquisa enviada a todos os defensores universitarios e que serve de análise e discusión, con obxecto de contribuír á calidade das universidades e á defensa e dereitos de todos os seus membros.
2. Un segundo tema de interese é o Estatuto do Estudante que, de acordo coa Disposición Adicional Decimo cuarta da Lei Orgánica 4/2007 Modificación da LOU, o Goberno terá que aprobar. Como documentos para analizar preséntanse os borradores da “European Students’ Rights Charter” elaborado pola ESIB –The National Unions of Students in Europe- e a Proposta de Estatuto do Estudante Universitario elaborada pola CREUP (Coordinadora de Representantes de Estudantes de Universidades Públicas). O obxectivo da análise presentada é, fundamentalmente, suxerir aqueles temas que poden ser de especial interese para os estudantes universitarios e que sexa necesario remarcar e/ou introducir na normativa que finalmente se aprobe. En ningún caso se trata de redactar un novo Estatuto do Estudante, nin emendar os borradores anteriormente mencionados.
3. Un terceiro tema, se se considera de interese, é a análise do Comunicado de Londres, onde houbo unha reunión dos ministros responsables de Educación Superior en referencia ao desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior. Aproveitando que D. Guillermo Rodríguez Lorbada participa neste Encontro, trataríase de poder analizar as prioridades previstas no citado documento e poder facer énfase nos dereitos dos estudantes. Quedaría fóra desta mesa-taller a análise doutros aspectos tamén interesantes pero que non están relacionados directamente cos obxectivos desta mesa de relacións entre os estudantes e o Defensor Universitario.

ENQUISA:

1. ¿Existe Delegación ou Consello de Estudantes na túa Universidade e están asociados á CREUP? ¿Cal é a súa denominación?
2. ¿Qué tipo de relación hai entre o Consello de Estudantes e/ou o seu Presidente e o Defensor Universitario?
 - a. Independencia total.
 - b. Colaboración para resolver diferentes casos.
 - c. Mala relación.
 - d. Non houbo oportunidade para establecer ningún tipo de relación.
 - e. Outra: explíquea.

Se colaboran na resolución, por favor, explique de qué maneira.

3. ¿Qué tipo de casos acostuma a presentarse entre a Delegación de Alumnos e o Defensor Universitario?
 - a. Casos de falta do profesor ao exame.
 - b. Información incorrecta en procesos de matriculación.
 - c. Consultas ao Servizo Xurídico da propia universidade ou a fontes externas.
 - d. Contraste de información.
 - e. Asesoría do propio Defensor aos representantes de alumnos.
 - f. Outros: por favor, explíqueo.
4. Os casos suscitados, ¿preséntanse antes á Delegación de Alumnos ou ao Defensor?
5. ¿Consideras conveniente que se promova a relación entre a Delegación de Alumnos e a Oficina do Defensor Univeristario?

O DEFENSOR UNIVERSITARIO E O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

A figura do Defensor Universitario ven recollida na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, na Disposición Adicional Decimo cuarta e o seu texto é o seguinte:

“Disposición Adicional Decimo cuarta. Do Defensor Universitario.

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario.

As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos Estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento”.

No desenvolvemento da Mesa de Traballo, os participantes debaterán sobre distintos aspectos que afectan ao colectivo do persoal de administración e servizos das universidades españolas na súa relación coa figura do Defensor Universitario. Como suxestión ao debate, a continuación, expóñense algúns asuntos a tratar:

1. Estrutura organizativa nas oficinas dos Defensores Universitarios.
2. Figura do Adxunto ao Defensor como membro do colectivo PAS.
3. Canles de comunicación entre os Defensores Universitarios e o persoal de administración e servizos das universidades.
4. Principais consultas do persoal de administración e servizos ante os Defensores Universitarios.

5. Principais queixas e/ou suxestións do persoal de administración e servizos ante os Defensores Universitarios.
6. Confidencialidade.
7. Importancia da función de Mediación no colectivo do PAS.
8. Grao de confianza na figura do Defensor Universitario.
9. Estatuto do Funcionario.

O DEFENSOR UNIVERSITARIO E O PROCESO EUROPEO DE GARANTÍAS DA CALIDADE UNIVERSITARIA: (HUMAN) QUALITY ASSURANCE (HQA).

1. A europeidade da figura do Defensor Universitario:

A institución do *Ombudsman* posúe un marcado carácter europeo e atópase vinculada con concepcións democráticas de organización social. A súa orixe remóntase a 1809, cando o Parlamento de Suecia elixe ao primeiro *Ombudsman*, pero a súa difusión en Europa non se produce ata a década de 1960. Así, en España créase en 1981 a figura do Defensor del Pueblo, e en 1992, coa sinatura dos países da Unión Europea do Tratado de Maastricht, instáurase a do Defensor do Pueblo Europeo. Noutros países a figura tamén existe, aínda que presenta diferenzas en canto á súa organización e competencias e á súa denominación: *Ombudsman*, *Médiateur*, *Defensro*, *Independent Adjudicator*, *Provedor de Justiça*, etc. Sen embargo, posúe unha función básica idéntica: “(...) o *Ombudsman* é un axente independente que recibe reclamacións contra a Administración Pública e posúe a capacidade de investigar o denunciado, así como de elaborar informes e emitir recomendacións”, función que se viu ampliada á solución de conflitos interpersoais cando a figura implantouse nos países da Commonwealth.

As principais características da figura son a súa natureza independente do poder executivo e a súa competencia para resolver conflitos por vías non xurídicas e de forma gratuíta. A súa rápida difusión e a súa implantación na segunda metade do século XX debeuse ao enorme crecemento da Administración Pública nos países democráticos e ao incremento das aspiracións democráticas dos pobos xunto co valor universal dos Dereitos Humanos.

Nesta tradición pode enmarcarse a figura do Defensor Universitario, xa que as súas funcións son análogas, se ben se reducen ao ámbito universitario ou ás institucións académicas superiores (como os institutos de investigación), e comparte con outros organismos europeos -*Magna Charta Observatory* (EUA) e *Magna Charta Universitatum* (Universidade de Bolonia, 1988)- o seu principal obxectivo: a protección de valores e dereitos universitarios.

2. Sentido da figura do Defensor Universitario no contexto europeo.

- a. O Defensor Universitario como factor de estímulo no proceso de concienciación europea.

Nun momento como o actual, no que se asiste a unha renovación académica converxente nos países europeos e cuxa implantación terá consecuencias e efectos de todo tipo. a figura do Defensor Universitario cobra pleno sentido. Por unha parte, pode ser unha figura clave na actual posta en valor do concepto de identidade europea, necesario para a vertebración social (e non só económica) da Unión Europea, parte relevante da cal é a construción do EEES, espazo nunha parte importantes integrado por xóvenes universitarios europeos que deben ser conscientes diso. Esta idea atopábase xa presente na Magna Charta Universitatum, asinada polos Reitores das principais universidades europeas en 1988, cuxos principios básicos inciden na formación, e no rexeito da intolerancia. Para o logro de tales fins, indicábase que “(...) cada Universidade debe garantir aos estudantes a salvagarda das liberdades, así como as condicións necesarias para alcanzar os seus obxectivos en materia de cultura e de formación”. Estes valores quedaron fortalecidos na Declaración de Bolonia de 1999, onde subliñábase a importancia dos valores éticos, democráticos e de honestidade académica e científica, valores que resultan especialmente afíns á misión encomendada á figura do Defensor Universitario na Lei Orgánica de Universidades: “Para velar polo respecto aos dereitos e liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as Universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario...”

- b. O Defensor Universitario como elo no proceso de Garantía da Calidade universitaria.

Por outra parte, especialmente importante resulta o potencial de contribución do Defensor ao proceso de mellora e garantía da calidade universitaria, idea que tamén queda expresada na definición que fai a nosa Lei da figura: “(...) As súas actuacións, sempre dirixidas á mellora da calidade en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán

rexidas polos principios de independencia e autonomía...” (LOU 6/2001; LOU 4/2007). Este espírito ou cultura da calidade subyace na maioría dos documentos máis relevantes elaborados ao longo do proceso de construción do EEES, como a Declaración de Bolonia xa citada, a Declaración de Berlín (2003), a Declaración de Bergen (2005), o documento Trends IV da EUA (2005/06) ou o documento elaborado por ENQA (European Network for Quality Assessment) Standards and Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area (2005), onde se menciona expresamente a necesidade de que os procesos de mellora da calidade se realicen en colaboración con outros axentes implicados, outros mecanismos de desenvolvemento institucional, etc., entre os que pode incluírse a figura do Defensor Universitario.

En definitiva, a figura do Defensor resulta pertinente na construción do espazo paneuropeo debido ao seu potencial para colaborar tanto no proceso de mellora da calidade universitaria como no proceso de concienciación europea (aspectos ambos que foron recentemente subliñados no London Communiqué, asinado en maio de 2007 polos Ministros de Educación dos países europeos que subscriben a Declaración de Bolonia), dado o importante papel que pode desempeñar nos novos tempos da universidade europea marcados pola transparencia académica e pola mobilidade docente e discente.

c. O Defensor Universitario e os valores académicos: ética e ciencia.

Este potencial da figura do Defensor implica, fundamentalmente, o fomento e garantía de boas prácticas e a implantación e consolidación de valores éticos e científicos nos contextos universitarios. A calidade non debe limitarse ao aspecto académico tradicional (é dicir, a calidade do ensino), senón tamén aos valores de calidade ética e de honestidade científica, o que pode denominarse como calidade humana, xa que, como se comproba a diario nas Oficinas dos Defensores Universitarios, a negligencia ou a carencia de ditos valores son unha fonte de agravios e de reclamacións dos membros da comunidade universitaria.

É previsible que estes problemas se manteñan –e incluso se incrementen- coa implantación do EEES. En relación con estes aspectos, tanto en Europa como en Estados Unidos existe unha crecente preocupación pola integridade académica e a

integridade científica, para cuxa vixilancia creáronse oficinas anti-fraude en Bélxica, Holanda e Estados Unidos. Tamén é necesario destacar a atención aos valores éticos na docencia e na investigación nuns contextos universitarios cada vez máis globalizados e comercializados, onde a presión para a captación de estudantes, investigadores e recursos tende a enfatizar unha xestión abusiva da investigación.

A negligencia na observación –cando non o incumprimento aberto- dos valores éticos e científicos ten como consecuencia a aparición de problemas que parecen estar presentes en todos os contextos universitarios europeos, dado que é frecuente que nos Congresos de Defensores Europeos se traten temas como a organización docente-departamental, as relacións da supervisión de traballos (teses), as colaboracións científicas, a burocracia académica, o acoso académico, os fraudes académicos ou os plaxios e violacións da autoría científica.

3. Modos de contribución do Defensor Universitario ao proceso de calidade humana universitaria.

En síntese, a figura do Defensor Universitario pode contribuír ao proceso de calidade humana universitaria (Human Quality Assurance) considerando o fundamento da responsabilidade esencial dos Defensores:

- A súa neutralidade, confidencialidade e independencia.
- A súa convición de que traballa con persoas, ademais de con problemas.
- A súa capacidade para solucionar conflitos de maneira non xurídica ou informal, mediante tipos ou modos de actuación, que responden á complexidade –académica e social- inherente á súa actividade.
- A súa actividade comparable á dos axentes de traballo social, dado que a universidade é una especie de comunidade social especializada, na cal realizan actividades tanto de servizo directo (conselleiro, confesor, psicoterapeuta, notario, etc.) como de servizo indirecto (tarefas de información, investigación, valoración, interpretación de datos, etc.)
- O seu complexo papel como mediador (ponte entre partes) e como educador (sensibilizador de consciencias), e que pode ser a súa mellor contribución ao proceso de calidade humana universitaria.

- As súas contribucións, coas súas actitudes e os seus comportamentos proactivos, ao estímulo de valores de convivencia (respecto, tolerancia, xenerosidade, aceptación da diversidade) e de concienciación europea (necesaria na filosofía de mobilidade do EEES).
- A súa contribución ao proceso europeo de mellora da calidade colaborando coas Axencias de Acreditación e constituíndo para ditas Axencias un indicador máis no proceso cualitativo. Esta última posibilidade conlevaría, como se dixo, a necesidade de que as Oficinas dos Defensores Universitarios estiveran así mesmo sometidas ao proceso xeral de acreditación da calidade universitaria.

En conclusión, pódese destacar como obxectivos esenciais da institución do Defensor Universitario:

- A defensa dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria.
- A contribución ao proceso de Garantía da Calidade (Quality Assurance), e o énfase na dimensión humana do mesmo (Human Quality Assurance).

E en canto á súa principal actividade neste contexto:

- A sensibilización cara a valores ético-científicos e de convivencia.
- A proxección destes valores no ámbito universitario.

Por último, destacar que a figura do Defensor Universitario fundaméntase no concepto de *auctoritas*, o cal require recoñecemento, confianza e difusión tanto do seu papel e as súas actividades como do seu potencial de contribución ao proceso de Convergencia Europea, dada a súa capacidade de actuar como un elo máis na construción do EEES mediante o estímulo da conciencia europea no ámbito universitario, e, sobre todo, da cultura da calidade (académica e humana) nas institucións europeas de educación superior.

A FIGURA E FUNCIÓNS DO DEFENSOR UNIVERSITARIO DIANTE DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR.

O proceso de integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) é xa unha realidade. Trátase dun proceso sen retorno que, pola magnitude dos cambios que vai supoñer (está supoñendo xa) e por encontrarse aínda en desenvolvemento, aínda que en xerme en moitos aspectos, está xerando certa inquedanza, incluso tensións, entre os que van ser os seus verdadeiros protagonistas: os distintos colectivos que integran a comunidade universitaria.

En primeiro lugar entre os estudantes porque se descoñece aínda tanto o marco de novas titulacións como a súa adaptación a partir das actuais. O profesorado comparte obviamente dita preocupación, á que engade a incógnita da nova metodoloxía docente en base ao crédito europeo, así como a previsible reestruturación de centros. A nova situación froito do EEES vai supoñer, por último, cambios ineludibles de xestión para o persoal de administración e servizos, tamén con posible incidencia na configuración de centros e unidades administrativas.

Neste entorno de interrogantes, consideramos que é función dos Defensores Universitarios, asumindo o seu papel de garantes dos dereitos dos universitarios e impulsores da calidade en todos os ámbitos, sinalar á comunidade universitaria que debemos aproveitar esta excelente oportunidade para reflexionar sobre o futuro e as novas regras do xogo que van rexer a nosa actividade. Ao mesmo tempo, a nosa privilexiada situación de caixa de resonancia das preocupacións e problemas dos universitarios, permitíranos poñer especial énfase en transmitir ás autoridades académicas as inquedanzas derivadas da adaptación ao EEES, co obxecto de que se arbitren medidas que faciliten e apoiem este proceso.

Esta reunión anual, mediante a mesa de traballo que aquí nos reúne, é un bo momento para compartir as preocupacións que son comúns ás distintas universidades e que nalgúns casos xa foron obxecto de reflexión en anteriores encontros. É este un documento de traballo no que se suscitan ideas de partida que non pretenden, en absoluto, esgotar o elenco de temas a tratar senón, muy ao contrario, deben considerarse como simples liñas a desenvolver.

Apuntamos a continuación de modo esquemático algúns cambios que están aparecendo coa construción do EEES, nuns casos como consecuencia deste proceso e noutros casos con ocasión do mesmo, e que, sen constituír un problema en si mesmo, prevemos que darán lugar a novas situacións conflitivas. As universidades deberían prever actuacións para minimizar, ou al menos encauzar, os eventuais conflitos.

1. Maior autonomía universitaria, en liña coa situación das universidades en moitos países do noso entorno, que conleva unha crecente descentralización nas decisións e incluso unha ampla desregulación da actividade universitaria, especialmente nas universidades públicas. As universidades españolas deberían aproveitar a oportunidade que lles brinda a ruptura dalgúns procedementos encorsetados para mellorar a prestación do servizo público que teñen encomendado. Agora ben, como consecuencia desa mesma liberdade de actuación poden quedar desamparados algúns dereitos que ata agora estaban protexidos. Algúns exemplos:
 - a) Na admisión de alumnos trala selectividade, o Real Decreto 69/2000 establece que “Cando, ao longo do proceso de adxudicación de prazas, un alumno que teña sido admitido por unha universidade xustifique estar pendente de admisión noutra, poderá realizar na primeira unha matrícula provisional, cuxos prezos públicos por prestación de servizos académicos universitarios aboará no momento da súa formalización definitiva”. Esta norma deixouse de aplicar nalgunhas universidades, apelando á autonomía de cada universidade para regular a admisión na mesma.
 - b) No Real Decreto que regula os novos estudos oficiais de máster, a admisión de alumnos pasa a ser competencia dun órgano interno de cada programa de posgrao. Este cambio respecto ao que viña ocorrendo na admisión a títulos oficiais de 1º ou de 2º ciclo está presentando novos temas aos Defensores:
 - I. Os responsables da admisión non sempre definiron con antelación (ou si que os definiron pero con moita marxe de discrecionalidade) os criterios nos que se basearán para admitir ou rexeitar aos solicitantes.
 - II. Os candidatos non teñen un dereito claro a ser admitidos, poden ser rexeitados incluso aínda que queden prazas libres, dado que o programa de máster pode considerar, con gran liberdade, que non teñen a formación adecuada.
 - III. A outra cara da moeda é que cando unha universidade admite a un alumno para un determinado máster, é porque a propia universidade avaliou positivamente a súa capacidade para adquirir os coñecementos dese programa. En consecuencia,

os profesores xa non poderán achacar o fracaso escolar á deficiente formación previa, como tan a miúdo se fai na actualidade.

- c) Van aparecer conflitos totalmente novos como consecuencia dos contratos laborais permanentes de profesores e investigadores. No pasado todos os profesores permanentes pertencían a corpos de funcionarios e a aplicación da lexislación laboral a profesores non conta con tanta experiencia nas universidades.
- d) Nas nosas universidades cada vez hai máis investigadores con contrato laboral de duración determinada, con cargo a proxectos, sobre os que recae unha parte substancial da investigación que se realiza en certos departamentos. Pero ao non haber ningunha norma xeral que protexa expresamente a súa representación nos órganos de goberno, algunhas universidades esquecéronse de incluílos nos seus estatutos e estes traballadores carecen de toda representación.

2. A tendencia a confundir a educación universitaria cun produto de consumo, que se aprecia nalgunhas propostas políticas, e incluso na terminoloxía, considerando aos alumnos como os clientes. Aínda que a masificación da educación superior parece apoiar esta idea, non hai que esquecer que os seus obxectivos educativos van máis alá da mera satisfacción do consumidor e que os beneficiarios do servizo público que presta non deben ser unicamente os estudantes senón todos os cidadáns. A realidade é, sen embargo, que este tipo de mentalidade está ganando terreo nalgúns ambientes e pode chegar a afectar á convivencia universitaria.

3. Separación xeral entre título académico e título profesional. En España tradicionalmente os títulos universitarios vinculados a unha determinada profesión regulada daban acceso directo a esa profesión, con dereito exclusivo de colexiación e de exercicio profesional. Nos últimos anos houbo algunhas excepcións a esta regra (titulacións náuticas, enxeñería química...), pero a nova organización dos ensinos universitarios pode producir unha proliferación xeralizada de títulos académicos cuxo acceso ás profesións reguladas sexa dubidoso ou estea mal definido, o que daría lugar á aparición de novos litixios sobre o contido da formación impartida pola universidade, como poden ser os seguintes:

- a) Actuacións monopolísticas dalgúns gremios, que a través dos seus colexios impidan de maneira abusiva o acceso de determinados titulados a unha profesión regulada.

- b) Cuestións derivadas dunha certa confusión legal sobre estes temas:
 - I. cuál é o rango legal que deben ter as normas que confiran atribucións profesionais exclusivas;
 - II. ata qué punto serán os colexios os que determinen a forma de acceder ás profesións reguladas cando os títulos académicos de grao e de posgrao estean liberalizados.
- c) Intentos de grupos de presión para limitar no seu propio interese o acceso a determinadas profesións para as que o acceso non está restrinxido na actualidade.
- d) Necesidade dunha descrición máis precisa das competencias garantidas por un plano de estudos e das adquiridas por cada alumno, aos efectos de facelas valer para exercer unha profesión cuxo acceso xa non será automático tralo título académico.
- e) As expectativas dos estudantes ao comezar uns estudos poden verse frustradas se a información sobre os efectos profesionais do título académicos non foi ben explicada ou ben comprendida.

4. Efectos transitorios durante a evolución cara aos novos sistemas, entre eles:

- a) Os títulos universitarios de diplomado, licenciado, enxeñeiro, etc., obtidos antes de que se termine de implantar a nova organización dos ensinos de acordo co EEES manterán os seus efectos indefinidamente, polo que os dereitos dos seus posuidores non deberían verse prexudicados pola reforma. Isto non obsta para que algúns titulados actuais aspiren lexitimamente a que lles sexa recoñecido un determinado nivel dentro do novo sistema (grao, máster, etc.), de acordo cos niveis que estableza o marco nacional de cualificacións ou o marco xeral europeo.
- b) Máis específica, pero non menos importante, e que tamén pode afectar ao PAS é a repercusión que o cambio de modelo poida ter na definición dos centros, con clara incidencia nas Escolas Universitarias. É preciso que as solucións que se arbitren teñan como obxectivo a calidade e non vulneren os dereitos de ambos sectores.

5. Incremento da mobilidade de estudantes e profesores, auspiciado polo EEES:

- a) Os beneficios que xeraron os actuais programas de intercambio (Erasmus, Sócrates,...) a nivel formativo, integrador, etc., constitúen un dos maiores logros da integración europea no ámbito da formación universitaria. O futuro camiña cara á intensificación da mobilidade, e, neste contexto, sería preciso que as medidas de apoio que se establezan favorezan a participación igualitaria de todos os

- I. incrementar os fondos destinados á política de mobilidade;
 - II. coordinar as distintas políticas de axudas, actualmente dispersas en distintos programas e institucións;
 - III. analizar e homoxeneizar os sistemas de cualificación e a súa repercusión en bolsas, concursos, etc.;
 - IV. programar políticas de mobilidade para profesorado e PAS.
- b) Outro elemento de preocupación é a repercusión que a integración poida ter no acceso de estudantes á Universidade: se os distintos criterios de actuación dos tribunais avaliadores da Proba de Selectividade están orixinando polémicas nas distintas comunidades autónomas, a recente admisión en universidades españolas de estudantes europeos que non pasaron pola Selectividade empézase a percibir, en claro paralelismo co mercado laboral, como unha ameaza. Trátase dun aspecto que esixirá unha información máis detallada sobre os criterios de admisión aos estudos universitarios nos distintos países.
6. A renovación da metodoloxía docente, poñendo o acento na aprendizaxe do alumno:
- a) Será un cambio de tal magnitude que cabe o risco de que non poida ser convenientemente asumido non só polo profesorado, senón tamén polos seus principais destinatarios: os estudantes.
 - b) Nas reunións, conferencia e talleres sobre o EEES dirixidas especificamente ao profesorado, acostuma a ser recorrente a preocupación pola incidencia que pode ter o novo sistema no réxime de dedicación docente do profesorado xa que, de manterse, como na actualidade, a primacía da labor investigadora no currículo do profesor universitario, non vai resultar fácil obter o seu compromiso na implantación dunha reforma que esixe, posiblemente, maior dedicación.
 - c) Pediráselles aos profesores que avalíen competencias, actividade para a que é probable que non teñan suficiente formación. Paradoxicamente, isto implica unha ventaxa derivada: moitos profesores recoñecen que necesitan formación en aspectos pedagóxicos.
 - d) Algúns regulamentos de exames das nosas universidades tampouco están suficientemente preparados para uns tipos de avaliación diferente da tradicional,

como a avaliación continua, avaliación por traballos ou por participación nas clases, avaliación de competencias.

PARTE IV:

ACTUACIONES DE OFICIO

ACTUACIONES DE OFICIO

Na V Conferencia Internacional de Defensores Universitarios Europeos que tivo lugar en Amberes (maio de 2007) o presidente do Tribunal de Garantías presentou a monografía “Class Attendance and Student Assesment in the Spanish University System”, texto que foi difundido entre as universidades europeas asistentes así como as englobadas na rede europea ENOHE (European Network for Ombudsmen in Higher Education).

Deuse por concluído o “Estudo da distribución do alumnado asistente nos centros da Universidade de Vigo”(primeiro cuadrimestre, curso 2007-2008). A súa publicación darase a coñecer cando se conclúa a enquisa que se leva a cabo no segundo cuadrimestre. O período de tempo analizado en cada cuadrimestre foi de dous semanas, en horario de 9 a 21 horas.

PARTE V:

REFLEXIÓNS XERAIS E RECOMENDACIÓNS

1. A execución da temática relacionada coa revisión dos exames do alumnado de acordo coas directrices marcadas no artigo 18 do Regulamento dos estudantes, resulta complexa por varios motivos:

- a) A revisión do exame por parte do tribunal que os Departamentos propoñen conduce sempre a unha ratificación da cualificación emitida polo profesor responsable da materia obxecto da reclamación do estudante. Por outra parte, o tempo que transcorre desde que o estudante presenta a súa reclamación ante a Dirección ou Decanato do centro ata a súa conclusión, alóngase innecesariamente por incumprimento das etapas sinaladas no citado artigo 18.
- b) Algúns Departamentos non propoñen tribunais de corrección dos exercicios obxecto da reclamación, axustándose á letra do artigo 18. Desta forma, o Tribunal de Garantías non dispón da información suficiente para o envío do exercicio do estudante a un tribunal externo para unha avaliación posterior.

Por todo iso, recoméndase unha redacción deste artigo que permita unha maior flexibilidade do proceso conducente, se ha lugar, a un tribunal externo para a revisión do exercicio obxecto de reclamación da nota.

Este tema representa o 42% de todas as intervencións solicitadas polo alumnado, dentro do apartado Consultas e Intervencións.

2. Considérase que a normativa relacionada coa avaliación do profesorado por parte do alumnado non é a apropiada para plasmar con obxectividade dita avaliación. O feito é que só un 25% do alumnado a realice, así como que os “items” deben diferenciar claramente os ensinamentos teóricos dos prácticos e, por tanto, suscitar diferentes medidas de avaliación en función da temática (teórica ou práctica). Ademais, o proceso de avaliación debe levarse a cabo nas aulas ou nos laboratorios, dependendo do tipo de materia.

3. Dar solución aos conflitos que se presentan ante a publicación, vía correo electrónico, de escritos de contido difamatorio e descontextualizados por parte dalgúns membros do colectivo universitario.

4. En atención ás queixas recibidas nas oficinas dos Defensores Universitarios relacionadas coas probas de conxunto (homologacións de títulos) Recoméndase que, seguindo as indicacións do artigo 17.3 do R.D. 285/2004, se contemple a

posibilidade dunha proba de aptitude, motivo polo cal esta deberá regularse de forma explícita e unificadora para toda a universidade.

5. Incidir en que se faga un esforzo para contestar ás peticións ou recursos presentados nos prazos estipulados, pois o silencio administrativo xera desprotección e inseguridade.
6. En relación aos criterios de avaliación das disciplinas que se imparten na universidade, Recoméndase que sexan o máis claros e explícitos posible por considerar que a non clarificación é unha fonte de conflitos e, por tanto, obxecto de distintas interpretacións. Así pois, debería fuxirse da ambigüidade na redacción do texto, pois a liberdade de cátedra implica unha carga compatible coa elaboración de criterios racionais, isto é, a non disparidade entre os coñecementos que se transmiten e os que se esixen na avaliación.
7. Sobre a docencia e coa mirada posta na converxencia europea de estudos universitarios (Bolonia) detectouse, no control de asistencia a clase do alumnado nos campus e en todos os centros, unha baixa participación. Os resultados globais daranse a coñecer cando se conclúa este control no segundo cuatrimestre deste curso. Posiblemente sexa este un tema que esixirá un amplo debate entre todos os estamentos universitarios, pois a razón principal de ser da universidade é a docencia, sen menoscabo da investigación.
8. Recoméndase a importancia que ten, para evitar conflitos académicos, a constitución rigorosa e estrita, non formalística, dun tribunal extraordinario de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria, unha cuestión aínda pendente.

ANEXOS:

NORMATIVA POLA QUE SE REXE O
TRIBUNAL DE GARANTÍAS

ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO-

Artigo 143

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria dando conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes Estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 144

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada, na que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos do denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

Artigo 145

1. O Tribunal de Garantías elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria componse de nove membros:
 - a) O defensor universitario que o preside, elixido polo conxunto dos claustrais.
 - b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado funcionario doutor.
 - c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
 - d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
 - e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.
2. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso do defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.
3. Os compoñentes do Tribunal de Garantías non estarán suxeitos a mandato imperativo ningún.
4. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro

anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.

5. O defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Artigo 146

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) A petición propia
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

Artigo 147

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Esixir, de oficio ou a pedimento da parte interesada, toda información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.
- b) Elevar informes ao Claustro e, no seu caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno "interese lexítimo".
- e) Proponer ao Claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requerimentos, non modifique a súa conducta contraria a dereito

REGULAMENTO DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS-

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da Comunidade Universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerese pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas Normas deste Regulamento.

CAPITULO II: COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 2

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de Goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

Artigo 3

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Artigo 4

A condición de membro do Tribunal de Garantías é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da Universidade.

Artigo 5

Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de Autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

Artigo 6

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

Artigo 7

7.1. Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

Artigo 8

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

Artigo 9

9.1. O Presidente do Tribunal de Garantías comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

9.2. Concluído o prazo precedente, o Presidente do Tribunal de Garantías convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e propondo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo Tribunal de Garantías e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO NA TRAMITACION DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

Artigo 10

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

Artigo 11

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións

realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

Artigo 12

12.1. O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

12.3. O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

CAPÍTULO V: NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

Artigo 13

O Tribunal será convocado polo seu Presidente, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, podendo convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

Artigo 14

O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, debendo contar sempre coa presenza do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus substitutos.

As decisións do mencionado órgano serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente dirimirá os posibles empates.

Artigo 15

O Tribunal nomeará a un Vicepresidente e a un Secretario de entre os seus membros.

Artigo 16

Os membros do Tribunal serán elixidos por un período de 4 anos, agás os representantes dos estudantes, que o serán por 2. En ambos casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

Artigo 17

No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, a maior brevidade, mediante nova elección, na forma prevista nos Estatutos.

CAPÍTULO VI: APOIO INSTITUCIONAL DO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 18

O Tribunal de Garantías terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e en donde se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso non se ubicará en ningún centro ou sede departamental.

Artigo 19

A Universidade deberá facilitar ao Tribunal de Garantías o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

Artigo 20

A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

Artigo 21

A figura do Presidente do Tribunal de Garantías equipararase aos efectos económicos, protocolarios e de exención docente, a de Vicerreitor.

CAPÍTULO VII: DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 22

As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

Artigo 23

A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal de Garantías ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderá ao Claustro.

Artigo 24

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, quedando derrogadas todas aquelas normas que se opoñan ao presente regulamento.